

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Febreiro 2005 COMUNICADO

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo creceu un 13,1% en febreiro de 2005 con respecto ó mesmo mes de 2004.

En febreiro de 2005 o índice xeral de vendas de comercio polo miúdo creceu un 13,1% con respecto a febreiro de 2004

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo creceu en febreiro de 2005, en termos correntes, a unha taxa interanual do 13,1%, cifra que se corresponde cun 12,5% cando se corrixe de efecto calendario. No que vai de ano o índice xeral creceu un 11,6%, un 12,5% se se mide en termos de serie corrixida de calendario

Por tipo de produto vendido e en termos correntes, observamos que todos presentan taxas de crecemento positivas, o crecemento máis elevado correspondeu os outros bens de consumo (38,2%), seguido dos produtos de equipamento do fogar e da persoa (5,4% e 1,0% respectivamente) e por último os produtos de alimentación creceron un 0,2%.

O índice de grandes superficies creceu en termos correntes un 5,8%.

Atendendo ó tipo de actividade, o índice de comercio especializado creceu un 17,6% mentres que o do comercio non especializado medrou máis modestamente, un 2,2%, dentro deste último, o índice de grandes superficies creceu un 5,8%.

No que vai de ano o índice do comercio especializado creceu un 16,4% fronte ó descenso do 0,2% do non especializado. O índice de grandes superficies creceu un 3,6%.

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Febreiro 2005. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	115,5	13,1%	11,6%
Xeral (corrixido de calendario)	114,6	12,5%	12,5%
Por actividade			
Especializado	112,3	17,6%	16,4%
Non especializado	117,1	2,2%	-0,2%
Grandes superficies	128,3	5,8%	3,6%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

e-mail: ige@xunta.es